

## Información



### Cooperativas participantes na xornada de Portas Abertas

Coñece a relación de cooperativas que participarán na xornada de Portas Abertas do Cooperativismo o 5 de xullo.

O obxectivo é darlle visibilidade a este modelo de economía social e reforzar o tecido que conforma o cooperativismo galego.

[Ver máis](#)

### Entrevistamos a Susana Peña Liaño, xerente da cooperativa Mulleres Colleiteiras

Como xerente desta cooperativa sen ánimo de lucro, Susana Peña Liaño destaca a importancia do proxecto Mulleres Colleiteiras tanto a nivel ambiental como laboral.

Grazas ao modelo de economía social no que se basea a cooperativa, a vida das mulleres que traballan nela mellorou considerablemente, pois ofrécelles independencia social e económica.

[Ver máis](#)

### Día do Cooperativismo Galego 2019

Recordamos que o 6 de xullo ás 12:00 horas festexaremos en Xinzo de Limia o Día do Cooperativismo Galego. Invitamos a todas as persoas interesadas a compartir este día coa familia cooperativa. Ademais, coñeceredes os galardoados nos premios á Cooperación e Cooperativismo no Ensino.

[Ver máis](#)

### III edición Premios Cegasal de xornalismo en economía social

Hoxe, 4 de xullo ás 19:00 horas, terá lugar o acto de entrega do terceiro premio Cegasal de xornalismo no Pazo de Adrán de Teo.

Este evento pretende darlles visibilidade ás persoas con discapacidade, mostrar as dificultades que encontran para optar ao mercado laboral e dar a coñecer o traballo que realizan neste terreo os centros especiais de emprego que conforman CEGASAL.

[Ver máis](#)

# Actividades



## Observatorio e Guía para a promoción de iniciativas de economía social no sector pesqueiro

A Fundación para a Pesca e o Marisqueo organiza o próximo 9 de xullo a xornada final de presentación do Observatorio e a Guía de oportunidades para as iniciativas de economía social no sector da pesca industrial.

**Data:** 09/07/2019

**Horario:** 11:00 h

**Lugar:** Salón de Actos da Cooperativa de Armadores do Porto de Vigo ARVI, Porto Pesqueiro s/n edif. Ramiro Gordejuela.

**Inscripcións:** [formulario](#) / 986433844 (ext. 8) / [fundamar@fundamar.org](mailto:fundamar@fundamar.org)

[Ver máis](#)

## Rede Eusumo

Contacte en: [comunicacion@eusumo.gal](mailto:comunicacion@eusumo.gal) ou 610 17 43 89

Máis información en:



[www.eusumo.gal](http://www.eusumo.gal)

